



Expediente nº 7222/2016

**Sesión Ordinaria número 16 celebrada polo Pleno do Concello
o día 27 de outubro de 2016**

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria núm. 13/2016 do 29/09/2016; da acta da sesión extraordinaria núm. 14/2016 do 04/10/2016 e da acta da sesión extraordinaria núm. 15/2016 do 18/10/2016
2. Dar conta de acordos sobre delegación de competencias.
3. Dar conta do Estado de Execución do terceiro trimestre do ano 2016.
4. Dar conta dos expedientes de modificacións de crédito: 13/2016.GC07/16; 14/2016.GC08/16 e 15/2016.TC04/2016.
5. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 4.864,75 €
6. Actividades de control do pleno
 - 6.1 Dar conta das resolucións de alcaldía
 - 6.2 Solicitudes de comparecencia
 - 6.3 Mocións
 - 6.4 Rogos e preguntas

No Multiusos da Xunqueira, habilitado como salón de sesións por resolución da alcaldía de data 19 de outubro, e sendo as vinte horas do 27 de outubro de 2016 coa presidencia do alcalde, Javier Bas Corugeira, e a asistencia dos/as concelleiros/as: Miguel Ángel Álvarez Ballesteros, María Teresa París Blanco, Jesús Crespo López, María José Barciela Barros, Arturo González Barbeiro, María del Carmen Amoedo Dasilva, Julio César Mougán Vázquez, Ángela Antón Pazos, Ana Isabel Rey Gómez, Eduardo José Reguera Ocampo, Digna Rosa Rivas Gómez, Leonardo Cabaleiro Couñago, Mauro Álvarez Castro, Ricardo Figueroa Rodríguez, José Bernardo Crespo Abal, Beatriz Laíño Ferreira, Jorge Varela Couñago, Xoán Carlos González Campo e Raquel Quintáns Costoya.

Tamén asistiu o interventor do Concello, Angel Santamariña Rivera; actuando como secretaria , a secretaria xeral da corporación, Ana Begoña Merino Gil .

Constitúese validamente o Pleno do Concello, en sesión ordinaria, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día.

INCIDENCIAS:

Con carácter previo ao tratamento dos asuntos incluídos na Orde do Día, a Corporación garda un minuto de silencio en lembranza das vítimas da violencia de xénero e violencia contra a infancia.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Sendo as 22:18 horas o Alcalde acordou un receso para descanso na sesión, que reanudouse pasados 15 minutos. Igualmente acordou suspender o pleno cinco minutos trala votación da primeira moción.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria núm. 13/2016 do 29/09/2016, da sesión extraordinaria núm. 14/2016 do 04/10/2016 e da sesión extraordinaria núm. 15/2016 do 18/10/2016

Dase conta dos borradores da acta da sesión ordinaria núm. 13/2016 do 29/09/2016, da sesión extraordinaria núm. 14/2016 do 04/10/2016 e da sesión extraordinaria núm. 15/2016 do 18/10/2016.

Sometidos a votación os mencionados borradores, apróbanse nos seus propios termos por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (9 do PP, 5 do PsdeGPSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita).

2. Dar conta de acordos sobre delegación de competencias.

Dase conta da Resolución da Alcaldía de data 11 de outubro de 2016 que se transcribe a continuación:

“Considerando que con datas 16.06.2015, 19.06.2015 e 09.09.2016 deleguei especialmente en uso das facultades que me confire a normativa local vixente nos concelleiros e concelleiras, a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos, ampliado, en particular ao concelleiro Julio César Mougán Vázquez mediante Resolución do 31.07.2015 con facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros en canto ás cuestións relacionadas coas súas delegacións que no seu caso non superen o importe de 18.000 euros, excluído IVA.

Resultando que na sesión ordinaria celebrada polo Pleno en data 29.09.2016 tomou posesión a concelleira Ángela Antón Pazos, do que procede reestruturar as delegacións especiais realizadas nas Resolucións antes citadas.

Visto o artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL) e 61.3 e 4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia (LALGA) e no uso das competencias que me confiren os artigos 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro:

RESOLVO:

1. Modificar as delegacións especiais nos concelleiros e concelleiras que a continuación se relacionan, asumindo a dirección interna e a xestión en xeral dos servizos que en cada caso se indican sen que poidan resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

- ❖ MIGUEL ÁNGEL ÁLVAREZ BALLESTEROS: Medio Ambiente, Medio mariño e Sanidade.
- ❖ MARÍA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA: Urbanismo, Benestar Social (desenvolvemento local e Servizos sociais) e Montes.
- ❖ MARÍA JOSÉ BARCIELA BARROS: Parques, Xardíns, Obras e Servizos, Participación cidadá-Consellos parroquiais.
- ❖ MARÍA TERESA PARÍS BLANCO: Comercio-consumo, Muller-Igualdade, Cultura (excepto normalización lingüística) e Turismo.
- ❖ JESÚS CRESPO LÓPEZ: Feiras e Mercados, Limpeza viaria e Cemiterios.
- ❖ ÁNGELA ANTÓN PAZOS: Ensino e Eventos.

2. Manter as delegacións especiais nos concelleiros ARTURO GONZÁLEZ BARBEIRO (Infraestruturas, Patrimonio, Seguridade cidadá, Tráfico, Transportes e Interior- inclúe



Emerxencias-) e JULIO CÉSAR MOUGÁN VÁZQUEZ (Deportes, Xuventude e Novas Tecnoloxías -inclúe Transparencia-).

3. Ampliar o ámbito das competencias á concelleira MARÍA TERESA PARÍS BLANCO e JULIO CÉSAR MOUGÁN VÁZQUEZ, os cales ostentarán facultades de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros en canto ás cuestións relacionadas coas súas delegacións que no seu caso non superen o importe de 18.000 euros, excluído IVA.

4. Esta modificación surtirá efectos a partir do día seguinte ao desta data, debendo porse en coñecemento do pleno do Concello na primeira sesión que celebre, e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia”

O Pleno do Concello queda informado.

3. Dar conta do estado de execución do orzamento do terceiro trimestre do ano 2016.

Visto o informe do interventor municipal con referencia ASR-19.10.16.1 de data 19 de outubro de 2016 en relación a execución do orzamento municipal e do estado da tesourería correspondente ao 3º Trimestre do ano 2016, en cumprimento da lexislación vixente e das bases de execución do orzamento do concello de Redondela.

O Pleno do Concello queda informado.

4. Dar conta dos expedientes de modificacións de crédito: 13/2016.GC07/16; 14/2016.GC08/16 e 15/2016.TC04/2016.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 13/2016.GC07/16 mediante xeración de créditos por importe de 91.847,92 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 27.09.2016.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 14/2016.GC08/16 mediante xeración de créditos por importe de 129.261,40 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 18.10.2016.

Dáse conta do expediente de modificación de crédito MC 15/2016.TC04/2016 mediante a transferencia de crédito por importe de 1.831,60 euros, aprobada por Resolución da Alcaldía de data 20.10.2016.

O Concello Pleno quedou enterado dos expedientes administrativos de modificación de crédito, anteriormente relacionados.

5. Aprobación dun recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 4.864,75 €

ANTECEDENTES:

Visto o Ditame da comisión informativa de economía e facenda na súa sesión do día 21/10/2016 que di:

“Vistos os diversos gastos do Concello de Redondela que non figuran na contabilidade municipal ao corresponder a gastos pendentes do seu recoñecemento xudicial ou

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



extraxudicial.

A intervención municipal emitiu o preceptivo informe de carácter negativo de data 19 de outubro de 2016, así como certificación de existencia de crédito.

A súa vez prevese que a aprobación, se procede, deste recoñecemento extraxudicial non vai supor limitación na execución dos gastos a impartir este ano.

Coa finalidade de non causar quebrantos económicos a terceiros, evitar enriquecementos inxustos para o Concello de Redondela, e poder contabilizar e posteriormente pagar diversos gastos.

Vendo que tal como establece o informe do Interventor, que os gastos correspondentes a anos anteriores foron facturados en anos posteriores foi como consecuencia do retraso na facturación ou na entrega da documentación dos terceiros.

Esta Alcaldía proponlle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Proceder ao levantamento do reparo do informe da intervención baseado en que procedese a aprobar gastos esixibles ao Concello.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente gastos por importe total de 4.846,75 euros, distribuídos do seguinte xeito, e imputando os gastos ás partidas que se indican do orzamento do Concello de Redondela para o ano 2016:

Terceiro	Data da Factura	Nº de factura	euros	Partida Orzamentaria
Suministros JJ Galicia, S.C.P.	25.09.16	A/1078	400,00 €	2411A.22199
Auloce, S.A.	26/09/2016	5602	4.446,75 €	9221A.22706
			4.846,75 €	

Votacións e dictame.-

A comisión informativa de Economía e Facenda, en votación ordinaria, e cos votos a favor do PP, e a abstención do Grupo Municipal de AER, estimaron oportuno dictaminar favorablemente a proposta.”

INTERVENCIÓNS:

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que as facturas do obradoiro son de febreiro ou marzo e non entenden que veñan agora a aprobarse. Igualmente refírese a outra factura que tivo entrada no Concello no mes de xaneiro.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que na comisión xa se aclarou que no último obradoiro de emprego houbo problemas co director que ao final estivo de baixa e por iso non había quen conformara as facturas. Con respecto ás outras dí que veñen agora por cuestións administrativas do departamento de intervención, ás veces porque inicialmente as facturas poideron ter algún problema.

VOTACION E ACORDO:

Sometido o asunto a votación segundo o detalle contido na proposta, apróbase por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, sendo 20 votos a favor (9 do PP, 5 do PS de G-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita.

Concello de Redondela



6 . Actividades de control do pleno

6.1 Dar conta das resolucións de alcaldía

O Pleno queda enterado a través do acceso ao Libro de Resolucións da plataforma Gestiona.

6.2 Solicitudes de comparecencia.

Non hai solicitudes de comparecencia nesta sesión do Pleno.

6.3 Mocións

6.3.1. Moción de AER sobre denuncia do contrato de Aqualia.

ANTECEDENTES:

Moción do grupo municipal AER o día 23/09/2016 con número 14441 que se transcribe a continuación:

“Dende o primeiro día que esta Agrupación se presentou no noso Concello pra mudar as cousas, un dos nosos propósitos sempre foi o de remunicipalizar os servizos públicos que foron privatizando os diversos gobernos municipais. Un dos servizos públicos de maior importancia é o abastecemento de auga potable e o de saneamento, actualmente prestado por Aqualia.

Tal e como consta no documento asinado en Redondela na notaría de dona M^a Mercedes Bermejo Pumar con data de sete de outubro de 1993, referido á “CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE E SANEAMENTO”; o Concello de Redondela, representado por D. Jaime Máximo Oscar Rey Barreiro, procedeu a conceder dita concesión, tal e como se acordou no Pleno extraordinario do 4 de maio de 1993. Nese documento asinado establécese:

“Décimonono: Serán causa de extinción da Concesión:[...] O transcurso ou cumprimento do prazo que a concesión outorga (vintecinco anos)”.

Á súa vez, no “PREGO DE CONDICIÓNS ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS QUE REXIRÁN NO CONCURSO PARA CONCESIÓN DA XESTIÓN INTEGRAL DO SERVIZO MUNICIPAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA E SANEAMENTO DE REDONDELA”, consta:

“DURACIÓN DO CONTRATO.[...] 2ª) A duración do contrato será de vintecinco (25) anos, contados a partir do comezo do mesmo, prorrogables tacitamente por períodos de cinco (5) anos, ata o máximo legal de cincuenta (50) anos SALVO DENUNCIA EXPRESA POR ALGUNHA DAS PARTES CONTRATANTES, NOTIFICÁNDOA ALOMENOS UN (1) ANO ANTES DO SEU VENCEMENTO.

Por todo o anteriormente exposto, a Agrupación de Electores de Redondela propón ao Pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:

- Proceder á denuncia do contrato-concesión do servizo integral de auga potable e saneamento.
- Garantir que sexa entregada dita comunicación”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que apoian esta moción xa que apostan pola remunicipalización o servizo.



O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que eles xa veñen prantexando dende hai tempo a posibilidade de remunicipalizar os servizos públicos. Considera que o servizo prestado pola concesionaria non é satisfactorio aínda que recoñecen que pode ser complicado xestionar directamente este servizo pero o estiman factible xa que por outra banda é un instrumento para que a xestión dos recursos públicos volva a ser controlada polos veciños . Sinala que caso de iniciarse este proceso, a súa intención é que se chegue ata o final.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que resulta estrano que se presente agora esta moción xa que aínda hai dous anos para o remate do contrato e un para a denuncia do mesmo, no seu caso. Consideran que por responsabilidade este servizo debe volver a saír a concurso ou ben remunicipalizalo pero haberá que estudialo a fondo porque ao mellor isto último sae máis caro. Piden que se faga un estudo, acotado no tempo a cinco meses, a fin de avaliar qué é o máis favorable para o Concello. Suxire que este tema o controle a comisión de servizos privatizados. En todo caso o contrato haberá que sacalo de novo porque as condicións non son as mesmas que hai 25 anos e cambiou todo, tanto as infraestructuras como a normativa de contratación polo que podería acadarse un mellor contrato que no pasado. A denuncia a mira obrigada e pode facerse dentro de un ano pero antes hai que ver o que é máis beneficioso para o Concello.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que lle parece sorprendente que AER faga unha proposta tan importante como cambiar o modo de xestión dun servizo tan básico deste modo e cun ano de antelación. Considera que debería vir acompañada de algo máis, como un estudo consistente de viabilidade, xa que tamén hai que ter en conta que Redondela está dentro dun area metropolitana que ao mellor pode tamén posibilitar decisións sobre isto. Sinala que se o PSOE pretende tamén a remunicipalización non o entende porque deben considerar todas as consecuencias que disto poden derivarse. Parécelle unha proposta totalmente imprudente xa que se fai sen saber o custe que isto pode supor para o Concello.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ di que esta moción é o primeiro paso para empezar a traballar a partir dela. Dí que non fixeron un estudo pormenorizado do servizo pero pensan que se debe xestionar directamente polo Concello. Considera que non se fai un control exhaustivo das concesións. Pretenden que o Concello cree unha empresa municipal con ese cometido xa que é unha posición da agrupación para todos os servizos e consideran que hai capacidade para facelo do mesmo xeito que o fan outros concellos. Sinala que o Concello sempre está a subvencionar a Aqualia e ás outras concesionarias.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están en contra de que se volva a privatizar o servizo.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que cando houbo outros contratos como o da limpeza ou de axuda no fogar tamén prantexaron esta posibilidade. Estima que a moción é oportuna porque o Partido Popular non lle va a meter man xa que o único que fan é favorecer ás grandes corporacións. Considera que os traballadores mellorarían as súas condicións laborais pasando a ser traballadores do Concello.

O concelleiro REGUERA OCAMPO pregunta se o Partido Popular non quere denunciar este contrato despois de 25 anos. Indica que non están claramente a favor



da remunicipalización e para telo claro propoñen facer un estudio. Dí que as empresas privadas están para ganar diñeiro e a auga pode ser verdadeiramente un negocio.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que está en desacordo con que se denuncie o contrato dous anos antes sen ter claro porque é mellor que outras posibles alternativas. Estima que é prantexar fume sen coherencia. Dí que é materialmente imposible que en dous anos o Concello sexa capaz de ter o material necesario, hai que facer análises diarias, persoal...etc e habería que subcontratar todo.

O concelleiro FIGUEROA RODRIGUEZ refírese a área metropolitana de Barcelona onde os municipios que non teñen xestión pública pagan un 90% máis que os outros. Consideran preciso facer a denuncia do contrato con dous anos de antelación para poder preparar a xestión directa do servizo xa que así hai tempo de sobra. Sinala que a moción busca que os grupos do pleno se posicionen xa que básicamente non están de acordo co servizo que da Aqualia.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, apróbase por maioría dos/as concelleiros/as, sendo 11 votos a favor (5 do PS de G-PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e 1 da concelleira non adscrita) e 9 votos en contra do PP.

O Alcalde procede a explicar o voto do grupo popular indicando que lle parece unha iniciativa prematura, que podería esperar, xa que a día de hoxe non existe ningún estudo que ampare a decisión adoptada.

6.3.2 Moción conxunta sobre a prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia

ANTECEDENTES:

Esta moción foi leída por Félix Cal Cortizas, presidente comunidade de montes de Ventosela.

As persoas asinantes deste escrito, veciñas das parroquias de Redondela afectadas polos incendios forestais do mes de agosto de 2016 e persoas solidarizadas cos afectados directos, manifestamos o seguinte:

- Numerosas vivendas, que contan coa correspondente licenza municipal, lindan con parcelas de propiedade privada que non cumpren a Lei de montes de Galicia (Lei 7/2012) nin a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Lei 3/2007), no que respecta á xestión da biomasa vexetal nos primeiros 50 metros e respecto das especies arbóreas permitidas nos primeiros 30 metros desde o límite do solo urbano ou núcleo rural ou dende o seu paramento no caso de edificacións, vivendas illadas ou urbanizacións. É preciso mellorar a eficacia na supervisión destes incumprimentos.

- Hai dez anos xa vivimos a angustiada situación de ver o lume chegar ás nosas casas, e dende aquela, a non ser por denuncias privadas, nin a administración local nin a autonómica tomou medidas firmes e xeneralizadas para facer cumprir a lei ós propietarios forestais que a incumpren, poñendo en perigo a vida de persoas e máis a

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



integridade das súas propiedades e das propiedades doutros propietarios forestais activos que si cumpren coas súas responsabilidades. Agora, dez anos despois, xa cunha lexislación específica e ampla sobre medidas de prevención e defensa contra incendios forestais que non se fai cumprir, volveuse repetir aquela nefasta situación.

- O monte galego e o problema dos incendios forestais debe ser considerado estratéxico por toda administración pública e formación política con responsabilidades de goberno tanto a nivel estatal, autonómica, provincial e local. A imaxe que se transmite constantemente é que o monte só é relevante cando arde, o resto do ano “parece non existir”.

- A partida orzamentaria que a administración autonómica destina ao monte é consumida practicamente na súa maioría polos gastos de extinción, deixando ano tras ano a prevención, única forma efectiva que pode facilitar o control e minimización dos incendios forestais, nun segundo ou mesmo terceiro plano.

- As liñas de axudas para prevención de incendios son escasas, non chegando a tódolos propietarios que as solicitan e precisan, concedéndose ademais en pleno verano, ou sexa, xa en plena época de risco de incendios, facéndolas practicamente inútiles. Ademais, estas liñas de axudas non soen contemplar liñas específicas para a creación e mantemento de áreas cortalumes naturais de frondosas caducifolias que, por un lado aumenten a diversidade vexetal do monte, e por outro, funcionen como barreiras efectivas en caso de incendio forestal. Do mesmo xeito, deberíase favorecer ao xestor forestal activo e implicado co monte sobre os propietarios que non asumen as súas responsabilidades ou abandonan as súas propiedades.

- Existe unha manifesta falta de sensibilización social, así como de didáctica acerca dos diversos valores do noso monte, sobre todo no que se refire ao veciñal en man común, tanto tanxibles como intanxibles, e o beneficio xeral que aportan a sociedade, máis alá do particular aos seus lexítimos propietarios. A administración forestal da Xunta de Galicia debера cumprir ás súas obrigas neste senso, e os distritos forestais ser as canles directas coa sociedade e cos propietarios de montes en canto formación e sensibilización forestal.

- A xestión de montes veciñais conveniados coa Xunta de Galicia non se observa que leve a solucionar os problemas dos incendios forestais que tamén padecen. As medidas silvícolas e de prevención de incendios que a administración aplica en montes conveniados non se observan plenamente eficientes. Practicamente os mesmos montes conveniados que arderon no ano 2006 volveron arder dez anos despois. Na maioría destes montes non se manteñen axeitadamente as faixas auxiliares, non se deseñan áreas cortalumes naturais con frondosas caducifolias nas zonas habituais de entrada dos lumes, non se realiza unha correcta xestión da biomasa das pistas forestais da que é responsable a administración autonómica ou mesmo, pola reiterada argumentación de falta de orzamento, a silvicultura preventivas das masas forestais é escasa ou, no mellor dos casos, tardía. Moitos destes montes xestionados pola administración nin tan sequera foron dotados do instrumento de xestión obrigatorio por lei, dándose a paradoxa dunha administración forestal que incumpre a súa propia lexislación e os seus deberes co monte do que é responsable.

- Unha vez máis púxose de manifesto a descoordinación dos diferentes corpos de extinción que actúan sobre o mesmo terreo. Os veciños tivemos que escoitar queixas dos diferentes corpos pola falta de comunicación entre eles e mesmo pola sistemática de traballo independente duns respecto dos outros. Isto non quita o recoñecemento á dura labor dos brigadistas e diferente persoal de extinción, así como á súa dedicación ao traballo que desenvolven.



E, polo tanto,

Non desexando que se volva a repetir novamente unha situación como a acontecida no mes de agosto de 2016, DEMANDAMOS QUE SE TOMEN EN CONTA AS CONSIDERACIÓNS ANTERIORMENTE EXPOSTAS, SE ADOPTEN AS MEDIDAS OPORTUNAS PARA SOLVENTAR OS DIFERENTES PROBLEMAS INDICADOS E SE CUMPLA COA LEXISLACIÓN ACTUALMENTE VIXENTE NO REFERENTE A PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA.

INTERVENCIÓNS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo porque a situación deste ano foi devastadora e hai que ter en conta que os montes son o noso patrimonio.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que esta moción xurdiu a partir do Consello Forestal despois de que os veciños e veciñas de Redondela sufriran os importantes incendios do pasado verán. Estima que hai unha política forestal de abandono do monte que debe cambiar porque o monte non pode ser un lucro a curto prazo senón unha inversión de futuro. Considera que a explotación racional do monte non é unha prioridade para a Xunta de Galicia e isto ten consecuencias. Salienta o que considera mala xestión para a loita contra os lumes, sen un mando único, o que xenera situacións de caos. Pide que haxa políticas realmente preventivas que non beneficien exclusivamente a empresas privadas.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que viviu en primeira liña o problema na parroquia onde vive, xa que repetiuse o sucedido hai dez anos.

A concelleira RIVAS GÓMEZ di que as propostas contidas na moción xa as levan traendo ao pleno dende hai anos e nalgún caso o Partido Popular votou en contra. Sinala que a Xunta de Galicia está a incumprir o seu propio plan forestal dedicando á prevención a metade do previsto tal e como se indica o Consello de Contas nun informe que é público. Indica que cando comenzaron os incendios non se fixera aínda o desbroce dos montes porque non chegaran as subvencións. Indica que é un problema moi grande e que sabendo o que pasa todos os anos.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que todo o que se invista en prevención é pouco e o importante é ir mellorando ano a ano a xestión. Dí que non escoitou nada contra os incendiarios, xa que a meirande parte dos lumes son provocados e prenden en varios sitios ao mesmo tempo. Dí que combatir contra isto é moi complicado e o que hai que facer é sumar esforzos e mellorar.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que este é un tipo de moción recorrente namentras governe o Partido Popular. Gástanse 100 millóns en extinción que gañan empresas privadas e a xente que traballa en extinción teñen condicións precarias, mal equipados e sen formación. Sinala que o exército tamén cobra. Dí que o goberno municipal tratar de acadar rédito político de estas situacións e estima que membros do equipo de goberno estiveron a molestar cando foron os lumes. Dí que tamén é moi importante o traballo coas comunidades de montes.

O concelleiro VARELA COUÑAGO di que non se debe esperar aos grandes lumes dicindo que logo vaise mellorar despois de gastar moitísimo na súa extinción.



A concelleira RIVAS GÓMEZ di que pensa que a voceira do PP non entendeu nada xa que a moción non está tratando de recriminar aos incendiarios xa que fala de cousas máis importantes. Insiste en que os datos están ahí e poden comprobalos. Parécelle un chiste que fale de coordinación.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que precisamente o maior problema é que non hai modo de controlar aos incendiarios. Indica que sempre hai que mellorar e sempre hai cousas que facer. Consideran fundamental a colaboración coas comunidades de montes e o distrito forestal. Sinala que hai que ter tamén en conta que o 95% das propiedades forestais é privada.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (20 votos).

6.3.3 Moción do BNG en apoio aos veciñ@s afectados polas obras de ampliación da Ponte de Rande en Cabanas.

ANTECEDENTES:

Moción do BNG do día 21/10/2016 con número 15840 que se transcribe a continuación:

“Dende que se prantexou por parte do Ministerio de Fomento, a Ampliación da Autoestrada AP-9, moitas teñen sido as accións reivindicativas desenvolvidas por colectivos, particulares e grupos políticos ao longo dos últimos anos. O obxectivo principal destas accións centrouse en deter unha obra que non vai resolver os problemas de tráfico rodado nos accesos e saídas á cidade de Vigo.

A actitude tanto de Fomento como da empresa concesionaria, AUDASA, foi en todo momento a de antepoñer os seus intereses ao dos cidadáns. A obra lévase a cabo por intereses políticos dos distintos gobernos centrais (no pasado do PSOE, no presente do PP), e por intereses económicos da concesionaria, que deste xeito ve mellorado o seu posicionamento no mercado financeiro.

A Ampliación vai supoñer un deterioro evidente da calidade de vida dos veciños e veciñas de Chapela, e de grande parte de Trasmañó. Malia o evidente impacto visual, acústico, medioambiental, cultural, e de deterioro da calidade de vida da veciñanza, a obra estase a levar a cabo. As afeccións urbanísticas, ocupan un capítulo a parte.

Dende o inicio das obras numerosos teñen sido os inconvintes que tiveron que sufrir, e todavía se prolongarán no tempo, no entorno das obras de Chapela e Trasmañó. A Plataforma de [Afectad@s](#) pola Ampliación, vén liderando accións reivindicativas nestes últimos anos, para que o impacto das mesmas sexa o menor posíbel. Lonxe de chegar a unha situación relativamente “normalizada”, estase agravando a medida que a obra se vai executando.

O último dos episodios de maior gravidade, e que está a supoñer maiores problemas, céntrase na construción do terceiro carril na Ponte de Rande sentido O Morrazo, no barrio de Cabanas, en Trasmañó. As obras de construción, levaron a que maquinaria,



guindastres, pezas de grande tonelaxe sobrevoran durante días, varias vivendas. As familias amosaron, dende o principio, a súa angustia, medo e preocupación, por esta situación. Novamente as mobilizacións veciñais, serviron para denunciar a actitude da constructora

O remate da obra neste treito, non vén máis que a agravar a situación que xa vivían estas familias, ademáis de mermar a súa calidade de vida. O terceiro carril vai quedar practicamente sobre as vivendas afectadas, co deterioro de calidade ambiental, contaminación acústica, perda de visibilidade,... Ante esta situación, os propios interesados, teñen amosado o seu interese por chegar a un acordo coa UTE Rande, empresa que leva a cabo as obras, para unha expropiación das súas vivendas.

Xunto a isto, o propio barrio de Cabanas, vai sentir máis preto das vivendas o movemento de miles de vehículos diariamente. O negativo impacto que sobre a calidade de vida de ducias de casas vai supoñer esta ampliación do terceiro carril neste barrio de Trasmañó, obriga a poñer en marcha todas as medidas necesarias para reducir, principalmente, a contaminación acústica e as molestias á poboación.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita por parte do Pleno da Corporación Municipal do Concello de Redondela, a adopción dos seguintes ACORDOS.

1. Instar á UTE Rande, adxudicataria das obras de Ampliación da Autoestrada no treito Teis–O Morrazo, e no seu caso ao Ministerio de Fomento, á expropiación urxente das vivendas do barrio de Cabanas, cuxos propietarios@s así o expresen.
2. Demandar á UTE Rande, á instalación de pantallas acústicas no barrio de Cabanas, co obxectivo de mitigar a contaminación acústica.”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor de toda a moción e que o máis importante é defender os intereses de todos os veciños.

O concelleiro CRESPO ABAL di que apoian a moción, que o problema ven de atrás sen que o Concello fixera nada xa que todo o que se está a conseguir o fixeron os veciños que son os que están sufrindo. Considera que hai que ter máis tacto coa xente.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que o último mes de obras foi o máis caótico e problemático polo tema de ruidos, desprendementos, molestias...especialmente na zona de Cabanas e do Instituto de Chapela. Indica que no primeiro se está a vivir un auténtico pesadelo e parece que ninguén está a pensar nos veciños que levan xa anos padecendo os problemas da ponte.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que están de acordo en amosar o apoio aos veciños e veciñas da zona e que é preciso que UTE expropie urxentemente as casas que correspondan. Aceptan que houbo momentos de perigo e di que inmediatamente se puxo a cuestión en coñecemento de Fomento e por parte do Concello se controlou permanentemente na zona. Salia que sempre estiveron en contra da ampliación que non resolverá ningún problema e que cando gobernaban outros grupos non fixeron nada. Propón incluír na moción a instalación de pantallas acústicas no entorno



do Instituto e do colexio.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que o Partido Popular trata de facer un papel amortiguador en Redondela pero que a estas alturas xa non cola. Considera que este partido sempre defendeu a ampliación e á empresa concesionaria e nunca se posicionaron do lado dos afectados.

O Alcalde sinala que no apartado 1 da proposta deberíase cambiar UTE polo Ministerio de Fomento, xa que a primeira non ten competencias en canto ás expropiacións.

O concelleiro CRESPO ABAL di que a xente está cada vez máis harta e por eso veñen as movilizacións, manifestacións e demáis.

O concelleiro ALVAREZ CASTRO di que chámalle a atención que agora falen de pantallas para o Instituto e o outro día dixeran na prensa que non había problema coas clases. Considera que a realidade que contan na prensa e na xunta de voceiros e o que realmente pasa é moi diferente.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que lles parece un tema moi sensible pero que cada vez que lles convocan a unha xuntanza para tratar o tema non aparecen. Sinala que nalgúns casos os propios afectados non querían que foran convocados porque anteriormente lles pecharan a porta. Dí que a realidade é que o PP tratou de que non se fixera pero o PSOE o deixou todo feito e non se podía xa anular o concurso.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a xente de Cabanas ten dereito a reclamar que se lles expropien as súas casas.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes (20 votos).

No acordo, no punto número 1 sustitúese UTE por Ministerio de Fomento; no punto 2 engadese a solicitude de pantallas acústicas permanentes, ademáis de no barrio de Cabanas, no entorno do Instituto e do Colexio de Igrexa.

6.3.4 Moción do PP sobre o cambio de ubicación da depuradora.

ANTECEDENTES:

Moción do PP do día 21/10/2016 con número 15855 que se transcribe a continuación:

“A planta de tratamento de augas redondelana foi construída en 1992, nunha ubicación que non era a máis axeitada xa na aquelas datas. Aínda que ao longo dos anos realizáronse distintas melloras técnicas co propósito de incrementar o rendemento na depuración e tamén tratando de minorar os malos cheiros que na contorna se producen, estaremos todos de acordo en que neste intre non é suficiente. Debe terse en conta tamén o claro incremento de separación de fecales e pluviales e da instalación de novo saneamento que se levaron acabo nos últimos anos, o que fai que esta depuradora quedarase obsoleta e sen a capacidade necesaria para tratar de xeito conveniente as augas residuais. Tamén debemos ter en conta a ubicación da



mesma xa que as instalacións atópanse situadas moi preto da zona escolar, instalacións deportivas, centro de saúde e vivendas, causando malestar polos malos cheiros que desprende.

Polo que dende o grupo municipal do Partido Popular pensamos que este é o momento para que a corporación ao completo manifeste a necesidade dun cambio de ubicación a unha zona máis axeitada e afastada das zonas de lecer ca construción dunha nova depuradora moderna e máis grande con capacidade para tratar de forma adecuada as augas residuais.

O goberno municipal xa leva un tempo facendo un traballo de comunicación coa Consellería para buscar unha fórmula económica que permita este gran proxecto.

Por todo iso creemos que é conveniente que a Xunta como administración competente comprobe que toda a corporación creemos necesaria unha nova depuradora

Por todo o anteriormente exposto solicitamos que se adopten os seguintes acordos polo pleno :

ACORDOS:

1.- Instar a Xunta de Galicia a que faga os estudos pertinentes para atopar unha nova ubicación axeitada a realidade da nosa Vila.

2.- Que se inicien os trámites para dotar do financiamento necesario as partidas para levar a cabo:

- A elaboración dun proxecto para a construción dunha nova depuradora
- A execución da obra proxectada”

INTERVENCIONS:

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están a favor do traslado da depuradora pero parécelles que falta información que debería facilitar o PP en relación ás conversas que dicen xa ter realizado coa Consellería.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que a moción non fai un diagnóstico claro da situación e indica que xa tiveron conversas coa consellería pero non as trasladaron ao resto dos grupos da corporación. Considera que como sempre o que fan é lanzar fume. Dí que o máis importante é onde queren reubicala ou se hai proxectos ou estudos que descarten outras alternativas. Pretende que se retire e que se trate na Xunta de Voceiros.

O concelleiro CRESPO ABAL di que non lle parece serio que o PP traia a moción sen antes convocar unha comisión para tratar o asunto. Indica que non se sabe a fórmula financeira da que falan. Refírese a unha serie de compromisos acadados hai cinco anos cando se deixou sobre a mesa unha moción que AER presentara ao respecto porque o PP dixo que estaban facendo estudos, conversas...etc. Considera que a moción adolece de falta de datos e non contempla as diversas opcións que pode haber. Estima que deben retirala.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están de acordo en que a moción, tal e como está presentada, é un despropósito aínda que sí están de acordo coa finalidade última de trasladar a depuradora. Indica que non poden debatir sen datos, máxime cando a moción foi presentada dous días antes do pleno. Se pregunta se dín que as augas non se están tratando de forma convinte. Pide que a retiren.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que o que é un despropósito é a labor da oposición que se poñen de acordo para ir en contra do PP. Dí que a depuradora é vella, cun tratamento desfasado que da un problema importante de malos cheiros.

Concello de Redondela

Rua Alfonso XII, 2, Redondela. 36800 Pontevedra. Tfno. 986400300. Fax: 986403894



Sólo piden que a Xunta sexa quen realice e asuma o custe dos estudos pertinentes.

A concelleira QUINTANS COSTOYA di que están de acordo co traslado da depuradora pero insiste en que falta información e debería retirarse para levala a unha comisión.

O concelleiro GONZÁLEZ CAMPO di que parécelle que queren envolver a cousa con outra cor. Critica que non se abra aínda o centro de día de Cesantes e pasen agora a este tema.

O concelleiro CRESPO ABAL di que o PP está a buscar a noticia de mañá para que se diga que a oposición está en contra de reubicar a depuradora. Faltan os estudos e proxectos e non se mollan.

O concelleiro REGUERA OCAMPO di que están como ao principio xa que a voceira non aportou ningún dato do que queren facer. Indica que non hai ningún informe técnico que diga que é necesario trasladar xa a depuradora e que o goberno non compartiu con eles a información sobre o que falou coa Consellería.

A concelleira AMOEDO DASILVA di que a oposición non quere aprobar a moción que é boa para Redondela e non o farían en ningún caso. Dí que a Xunta chegou a conclusión de que non era posible solventar sen máis o problema dos cheiros. Di que se queren se quita o apartado 2.

VOTACIÓN E ACORDO:

Instada a votación da moción anteriormente transcrita, é rexeitada por once votos en contra (5 do PSOE, 4 de AER, 1 do BNG e a concelleira non adscrita) e nove votos a favor (9 do PP).

6.4 Rogos e preguntas

PREGUNTAS

Preguntas AER sobre o Programa de Vivendas Baleiras e outras. (Rex. Entrada 26.10.2016, 2016-E-RC-16068).

1) Sobre o “Programa de Vivendas Baleiras” da Xunta. A conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, e o alcalde de Redondela, Javier Bas, asinaron o 8 de xullo o convenio para a adhesión do Concello de Redondela ao 'Programa de Vivendas Baleiras' da Xunta.

A raíz deste convenio en Redondela tense que elaborar un censo de vivendas baleiras, así como un procedemento de selección de arrendatarios.

Máis de 3 meses despois da sinatura deste convenio e ante a falta de información por parte do equipo de goberno, preguntamos:

Canto se ten avanzado na elaboración do censo de vivendas baleiras, no procedemento de selección de arrendatarios e que data estiman para a posta en funcionamento deste programa?

RESPOSTA: A concelleira AMOEDO DASILVA di que no convenio asinado se fala dunha comisión de coordinación cuxa constitución resultou retrasada ata o



nomeamento do novo goberno. Non pode por datas.

Preguntas sobre a axenda do alcalde. Dende hai uns meses, no concello de Redondela contamos por fin cun portal de transparencia. Aínda que se atope nun estado moi embrionario e cun amplo horizonte de mellora, dende a Agrupación de Electores celebramos que o goberno local caese en conta e puxera en marcha esta ferramenta, aínda que fose tarde, arrastras e por imperativo legal.

Un dos apartados que contempla o portal de transparencia é a “Axenda do Alcalde”, unha demanda de anos de AER que por fin comezou a funcionar o 13 de xuño de 2016 e que desexamos que en breve abarque a tódolos membros do goberno local. Esta axenda amosa teoricamente toda a actividade institucional do alcalde de Redondela, pero unha vez examinada con calma, obsérvanse as seguintes circunstancias:

- Os luns, mércores e xoves concéntranse os despachos e reunións cos diferentes concelleiros de goberno e polo tanto, o groso da actividade do alcalde de Redondela.
- Os martes e os venres a actividade do alcalde é puntual e mínima. Así, por exemplo, no mes de setembro houbo martes e venres con soamente unha reunión por día e noutros días, o venres día 2 e o venres día 16, o alcalde non tivo ningunha actividade tal e como se indica na axenda oficial colgada no portal de transparencia.
- Obsérvanse xuntanzas recollidas na axenda ao que o alcalde non asistiu nin lle correspondía asistir por xa existir un concelleiro delegado para realizar tal labor. A modo de exemplo, ao consello forestal do 14 de setembro o alcalde non asistiu, pero si que aparece como actividade institucional do alcalde na súa axenda.
- Recóllense na axenda actividades que non teñen que ver coa labor propia dun representante público e si coa actividade privada deste. A modo de exemplo indicar a asistencia a varios eventos de carácter relixioso tales como: San Bernardo de Cedeira o día 20 de agosto ás 12:30h, Procesión festa do Carme en Chapela o 31 de xullo ás 12h, Misa do Carme na praia de Cesantes o 23 e 24 de xullo ás 12:00h, procesión das festas do Carme de Soutoxuste o 17 de xullo ás 12:00h.

Polo exposto anteriormente e en virtude das dúbidas que nos xorden, desexamos realizar as seguintes preguntas para que o alcalde nos proporcione as oportunas explicacións e así poder transmitirlo á veciñanza de Redondela do xeito máis argumentado posible:

- 1) Cal é a razón da baixa ou nula actividade do alcalde os martes e os venres, tal como se reflicte na axenda publicada no portal de transparencia?**
- 2) Cal é a xustificación de computar na axenda pública do alcalde como horas institucionais o tempo dedicado a actividades de índole privado, como a asistencia a procesións e actos propios do ámbito das crenzas relixiosas persoais?**



3) A que se debe que se recolla na axenda do alcalde como actividades ás que vai asistir el, reunións ou eventos aos que realmente lle corresponde asistir ao respectivo concelleiro sectorial?

RESPOSTA: O Alcalde sinala que deuse conta de que na Axenda non se reflicten moitas das actividades que leva a cabo. É por isto que vaina a revisar porque considera que é un ferramenta que está en desenrolo. Recoñece que cousas non están ahí e que pode haber algún erro.

Estado da modificación do Regulamento dos Consellos Parroquiais Municipais.

Con data do 27 de marzo de 2014 o pleno de Redondela aprobou a moción presentada pola Federación de Asociacións de Veciños de Redondela para proceder á modificación do regulamento dos Consellos Municipais Parroquiais. Xa van transcorridos máis de dous anos dende aquela data e o proceso de modificación non se observa que avance:

En virtude do anteriormente exposto realizamos a seguinte pregunta:

Por que non se observan avances na modificación do Regulamento dos Consellos Parroquiais Municipais e que razóns hai para que, con dous anos transcorridos, o goberno local teña paralizado este proceso?

RESPOSTA: O concelleiro ALVAREZ BALLESTEROS di que o proceso non está paralizado e se está traballando no borrador.

ROGOS:

Rogos AER sobre o Programa de Vivendas Baleiras e outras. (Rex. Entrada 26.10.2016, 2016-E-RC-16068).

1) Difusión na páxina web do concello da actas dos Consellos Parroquiais Municipais. Unha vez revisada a páxina web do Concello de Redondela, importante canle de comunicación e difusión de acordos, actas e xuntanzas entre a veciñanza; obsérvase que a última acta de consellos parroquiais posta a disposición do público corresponde ao consello parroquial de Cesantes con data 4-3-2015. Atopándonos actualmente en setembro de 2016.

En virtude do anteriormente exposto **rogamos** que o goberno municipal tome as medidas que lle correspondan de cara a que as actas dos diferentes consellos parroquiais que se celebren se atopen a disposición pública na páxina web do Concello.

O Alcalde sinala que o advertiron e teñen razón polo que hoxe subíronse máis de 20



2) Sobre os horarios dos autobuses. No anterior mandato, dende AER solicitamos que nas paradas dos autobuses se colocaran os horarios das diferentes liñas que paran nelas.

A día de hoxe, as paradas de autobús do noso concello carecen de dita información, tendo que recorrer @s usuari@s a internet ou preguntar á xente que pasa pola rúa para obter a información.

Algo tan simple como colocar os horarios nas distintas paradas en pleno 2016 segue sen facerse.

Rogamos que o equipo de goberno faga as xestións oportunas para que se coloquen os horarios das diferentes liñas de cada parada o antes posible.

3) Sobre as obras na rúa Cruceiro. Enterados pola prensa de que por fin, despois de 2 anos, vaise dar unha solución ás sucesivas fugas da rede de abastecemento da rúa Cruceiro e Loureiro; **rogamos** que o goberno local faga as xestións necesarias para que se avise á veciñanza da zona e con antelación das horas en que se vai cortar o subministro de auga, para evitar maiores molestias das que xa levan sufrido durante 2 anos.

O Alcalde aclara que están enriba destas obras e di que vanse resolver as deficiencias.

Rogos PSdeG-PSOE sobre o Programa de Vivendas Baleiras. (Rex. Entrada 26.10.2016, 2016-E-RC-16074).

“Con data 26 de febreiro de 2016 publicouse don DOGA o texto do DECRETO 17/2016, do 18 de febreiro, polo que se crea e se regula o Censo de vivendas baleiras da Comunidade Autónoma de Galicia. Neste Decreto o Artigo 3 literalmente di así:

1.-“Deberán inscribirse neste censo todas as vivendas baleiras que formen parte de edificios de tipoloxía residencial colectiva ou de complexos inmobiliarios situados en concellos de máis de 10.000 habitantes da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que sexan propiedade de entidades de crédito, das súas filiais inmobiliarias ou das entidades de xestión de activos, incluídos os procedentes da reestruturación bancaria, con independencia de onde estea o domicilio social dos seus titulares. Para os efectos do previsto no parágrafo anterior, tomaranse como referencia as últimas cifras oficiais de poboación, en 1 de xaneiro de cada ano, aprobadas polo correspondente real decreto.

2. Así mesmo, poderán inscribirse aquelas vivendas baleiras que, ao non seren de inscrición obrigatoria, estean situadas no territorio da Comunidade Autónoma e o soliciten os seus titulares, incluíndo as vivendas baleiras propiedade das administracións públicas.

3. O censo será único para toda a Comunidade Autónoma de Galicia.”

No apartado a) do artigo 6 do decreto establécense como “Vivendas de inscrición obrigatoria: inscribíranse nesta sección todas as vivendas que, de conformidade con artigo 3.1, deban constar no censo.”

No artigo 10 do referido decreto establécese o prazo para solicitar a inscrición, isto é:

“1. O prazo para solicitar a inscrición a que se refire o artigo 8 será de oito meses, contados desde o día seguinte a aquel en que se producise algún dos seguintes actos: a notificación da concesión da licenza de primeira ocupación, a desocupación da



vivenda por vencemento ou resolución do contrato ou a adquisición da vivenda.”

Si ben na disposición transitoria única establécese un “prazo para solicitar a inscrición obrigatoria das vivendas que estean baleiras con anterioridade á entrada en vigor deste decreto e di que deberán inscribirse no censo nun prazo de 6 meses, contados desde a súa entrada en vigor, agás que o prazo que lle correspondese, segundo o previsto no artigo 10, fose maior.”

Con data 8 de Xullo deste ano, o Alcalde, Javier Bas, asinou a adhesión ao convenio de colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do programa de Vivendas Baleiras . No parágrafo cuarto do citado convenio establécese que “os concellos que desexen implantar o Programa de Vivendas Baleiras deberán asinar o Acordo de adhesión así como cumprir os compromisos e as obrigas que se derivan do mesmo. Así:

1. Procedemento para a incorporación ao citado programa das vivendas baleiras

Os concellos adheridos ao presente convenio deberán elaborar unha proposta do procedemento para a incorporación ao citado programa das vivendas baleiras que, existindo no seu ámbito municipal, sexan de titularidade, así como tamén daquelas outras das que poidan dispoñer libremente do seu uso e das que teñan habilitación para a súa xestión

.....

2. Procedemento de selección de arrendatarios e de adxudicación de vivendas

Os concellos adheridos ao presente convenio deberán elaborar unha proposta de procedemento de selección de arrendatarios e de adxudicación de vivendas no que se deberá respectar os requisitos e prioridades sinalados no presente convenio.

.....”

En base a todo o exposto

ROGAMOS, ao señor Alcalde, Javier Bas, que traslade a información, aos grupos políticos da oposición así como á asemblea das Marchas da dignidade de Redondela, relativa ao procedemento levado a cabo en relación ás seguintes cuestións:

1.- Datos das vivendas baleiras xa incorporadas ao censo por obrigación ao abeiro do establecido no apartado a) do artigo 6 e na disposición transitoria única do decreto antes mencionado.

2.- Copia das propostas elaboradas polo Concello de Redondela esixidas no convenio da FEGAMP co IGVS ao cal Redondela adheriuse en xullo.”

O concelleiro Varela Couñago pregunta polo estado das Instalacións deportivas do Instituto Mendiño xa que dado o seu estado suspendéronse as clases de educación física nos últimos días.

O Alcalde indica que se respostará na próxima sesión ordinaria.

E dado o avanzado da hora, sendo as vinte e tres horas e trinta e cinco minutos do día indicado no encabezamento, o alcalde levanta a sesión, da que se redacta a presente acta e da que, como secretaria, dou fe.-